



GUÍA BÁSICA DE RECURSOS FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO

**“A liberdade é
a ausencia
de medo”**

Nina Simone



**XUNTA
DE GALICIA**



Xacobeo 2021

QUEN SOMOS?

Ecos do Sur é unha entidade sen ánimo de lucro cuxo fin principal é a inserción de persoas en situación ou risco de exclusión social.

Desenvolvemos proxectos para apoiar ás mulleres que sufriron violencia de xénero, e tamén **programas específicos de atención a mulleres en situación de vulnerabilidade.**

Amplía a túa información na nosa web:
www.ecosdosur.org

Esta guía foi elaborada no marco do proxecto Matrioska, financiado pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. O seu obxectivo é achegar os diferentes recursos en materia de Violencia de Xénero ás persoas que poidan necesitalos.




QUE É A VIOLENCIA DE XÉNERO?

É a violencia que afecta as mulleres polo mero feito de selo, sendo un atentado contra a integridade, a dignidade e a liberdade das mulleres, independentemente do ámbito no que se produza.

A lei galega 11/2007 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero defínea como calquera acto violento ou agresión baseado nunha situación de desigualdade no marco dun sistema de relacións de dominación dos homes sobre as mulleres que teña ou poida ter como consecuencia un dano físico, sexual ou psicolóxico, incluídas as ameazas de tales actos e a coacción ou privación arbitraria da liberdade, tanto se ocorren no ámbito público como na vida familiar ou persoal.



Existen numerosas formas de violencia de xénero, sendo algunhas visibles e outra máis sutís e complexas de identificar.



AS TRES FASES

Nas dinámicas de violencia de xénero dentro dunha parella, Leonor Walker, psicóloga de investigadora puxo de relevo a existencia de tres fases en toda dinámica de violencia de xénero.



1. Enfádase,

...discute cada vez máis, acúsache e/ou che despreza.



2. Agrídeche,

...empúxache, ameázache, insúltache e/ou abusa de ti sexualmente.



3. Descúlpase,

...faiche algún agasallo, busca escusas e/ou promete que non volverá suceder.

1. Acumulación de tensión: O agresor experimenta cambios de ánimo repentinos, enfádase por cousas insignificantes e móstrase tenso e irritado. A vítima tenta levar a cabo comportamentos que non alteren á parella, crendo que así acabarán os conflitos.

2. Fase de agresión: a máis breve das tres fases. Estala a violencia, hai unha falta de control absoluto, e prodúcense as agresións físicas, psicolóxicas (berros, ameaza, insultos, desprezos..) ou sexuais.

3. Fase de conciliación/lúa de mel: nesta fase o agresor adoita pedir perdón e promete á vítima que este comportamento non volverá repetirse. Utiliza estratexias de manipulación afectiva para tentar que a relación non termine.

ONDE PODES ACUDIR?

TELÉFONOS DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES

900 400 273: É un servizo gratuíto e anónimo que funciona as 24 horas do día. Serás atendida por un equipo multidisciplinar (avogadas, psicólogas, traballadoras sociais...).

016: É un teléfono gratuíto de información e asesoramento xurídico, funciona as 24 horas do día, todos os días do ano. Lembra, non deixa rastro na factura de teléfono, pero si pode deixalo na lista de chamadas, é aconsellable que revises a túa listaxe de chamadas no teu teléfono.

112: Número de teléfono de emerxencias. Gratuíto e funciona mesmo se non tes cobertura.

091: Policía Nacional.

062: Garda Civil.

061: Urxencias sanitarias.

**"Cando unha
muller decide
cambiar, todo
á súa ao redor
tamén cambia"**

Eufrosina Cruz

CENTROS DE INFORMACIÓN Á MULLER

Son centros destinados á consecución da igualdade entre mulleres e homes, cun amplo desenvolvemento na prevención e atención da violencia de xénero.

Dispoñen dun servizo de atención psicolóxica, traballo social, asesoramento xurídico, e orientación laboral, garantindo o anonimato e a privacidade das consultas.

Todos os servizos son completamente gratuítos e están destinados a aquelas mulleres que os demanden, independentemente da situación administrativa que se atopen en España. **Se non tes permiso de residencia, non será ningún impedimento.**

A través da seguinte ligazón, poderás localizar o máis próximo á túa zona de residencia:

<http://igualdade.xunta.gal/es/recursos/centros-de-informacion-las-mujeres>



UNIDADE DE ATENCIÓN Á FAMILIA E MULLER DA POLICÍA NACIONAL (U.F.A.M)

Son unidades policiais especializadas na loita contra a violencia de xénero, a violencia familiar e a violencia sexual.

Recollen a túa denuncia, investigan e bríndanche a protección que necesites. Se non tes claro se vas denunciar, daranche información sobre o proceso e os recursos que che poden axudar. Se es muller estranxeira en situación irregular, tes dereito a presentar a túa denuncia e tentarase protexerche en todo momento.

Podes estar acompañada da persoa que desexes en todo momento. **Contan con intérpretes de idiomas estranxeiros** de forma que poderás expresarche e comunicarche libremente.

Desde o U.F.A.M. poden activar os seguintes recursos:

- **Quenda de garda de atención psicolóxica:** especializado en atención a situacións de violencia de xénero.

- **Quenda de oficio do colexio de avogados:** poñerá á túa disposición un/a avogado/a con o que poderás resolver as túas dúbidas.

- **Recursos habitacionais:** Poderán buscarte aloxamento nas Casas de Acollida para mulleres.

Podes atopar persoal das Unidades de Familia e Muller en todas as Comisarías de Policía Nacional.

<https://www.policia.es>

RESOLVE AS TÚAS DÚBIDAS



Podo irme do meu domicilio coas miñas crianzas?

Se estás a pensar en abandonar o domicilio conxugal, pero non o facer por medo a que a túa parella denúnciache por abandono do fogar, debes saber que **O ABANDONO DO HOGAR NON É DELITO**, o único que é delito é deixar de cumprir os deberes legais de asistencia respecto das fillas e fillos.

Unha vez abandonado o domicilio, consulta a túa situación con especialistas que che asesorarán sobre os pasos para seguir.

Podo acudir a unha casa de acollida de mulleres?

As casas de acollida de mulleres son espazos residenciais que ofrecen, acollida, atención e recuperación xunto cos seus menores a cargo.

O acceso realízase a través dos CIM, U.F.A.M. e/ou Xulgados de Garda, debendo acreditarse a situación de violencia de xénero.

Como se acredita a violencia de xénero?

Se non puxeches denuncia, poderás acreditar tal situación a través dun informe dos servizos sociais especializados (Servizos sociais, servizos sanitarios ou centros de acollida). Este informe terá validez excepcional.

Cunha valoración realizada en sede policial que aconselle, dada a gravidade da situación, o ingreso nunha casa de acollida.

A través do Ministerio Fiscal, no caso de que interpuxeses unha denuncia e non recaese sentenza.

Cunha Orde de Protección recoñecida.

Coa sentenza condenatoria, unha vez finalizase o proceso xudicial.

É aconsellable que antes de iniciar ningún trámite legal, solicites un correcto asesoramento. Infórmache de todos os pasos que queres dar a través de profesionais especializados.

**"A obra perfecta da
agresividade é conseguir que
a vítima admire ao verdugo."**

Victoria Sau

Quen pode interpoñer unha denuncia?

- **Calquera muller** que sufra ou sufrise violencia de xénero.

- **Se es estranxeira**, a denuncia non supón ningún tipo de prexuízo na túa residencia, nin tampouco obstáculo algún para adquirir a nacionalidade.

- **Se es estranxeira e estás en situación irregular**, tes o mesmo dereito a denunciar. Non teñas medo a ser expulsada.

- **A lei de estranxeiría protexe á muller**, suspendendo calquera proceso de expulsión ata que recaia a sentenza, e dotando dun permiso de residencia temporal con dereito de traballo, á muller vítima, tan pronto sexa concedida unha orde de protección ou sexa emitido un informe do Ministerio Fiscal onde se aprecia a existencia de indicios de violencia de xénero.

NON TERÁS QUE ESPERAR Á SENTENZA.

- **Tes dereito a intérprete** desde o primeiro momento da denuncia e durante todo o proceso, podendo solicitalo cada vez que o creas necesario, de forma que poidas expresarche con total liberdade.

Onde podo realizar a denuncia?

Na o U.F.A.M (Unidade de atención á Familia e Muller da Policía Nacional), en calquera comisaría da Policía Nacional, na Garda Civil, no Xulgado de Garda, e tamén na Policía Local, cando sexa urxente e non teñas posibilidades de acudir aos sitios anteriormente indicados.



Podo obter asistencia xurídica gratuíta se interpoño unha denuncia?

Si. Podes solicitar asesoramento xurídico previo á interposición da denuncia, e asistencia xurídica gratuíta no caso de que desexes denunciar.

Este dereito recoñécese independentemente da túa situación en España no caso de que sexas muller estranxeira e esteas en situación irregular.

Podo obter asistencia psicolóxica que me acompañe durante o proceso de denuncia?

Si. Poderá activarse o mecanismo de atención psicolóxica de garda que funciona as 24 horas, e poderán acompañarche durante o proceso de denuncia e o proceso posterior.

Ademais, os CIM e as casas de acollida, así como entidades especializadas en violencia de xénero, teñen á túa disposición a atención psicolóxica que precisas.


Que sucede unha vez puxen a denuncia?

Podes solicitar ser acompañada pola Policía ata o teu domicilio, ben para quedarche nel, ou ben para recoller as túas pertenzas se acodes a unha casa de acollida.

A denuncia será remitida ao Xulgado de Violencia sobre a muller, iniciándose o proceso xudicial.

Desde o inicio, **poderás solicitar unha Orde de Protección**, que inclúe medidas civís (quen queda na vivenda, a custodia dos fillos...) medidas penais (afastamento e prohibición de poñerse en contacto o denunciado coa denunciante) e medidas administrativas (posibilidade de solicitar axudas económicas no caso de que a túa situación así o aconselle.

Os tempos dos Xulgados son moi diversos, deixa en mans da túa avogada/o os trámites legais, poderás consultarlle en todo momento como se atopa a situación.

A person with long blonde hair, wearing a black jacket, blue jeans, and a backpack, is captured mid-jump in a field of green and purple flowers. The person's arms are outstretched, and they appear to be in a state of joy or freedom. The background is a soft-focus landscape with trees and a bright sky.

"Máis forte
que o medo, é
o desexo de
loitar pola
liberdade."

Claudia Ruggerini

Se non teño recursos económicos, existe algunha protección?

Poderás obter información máis detallada nos teléfonos de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero e nos CIM das axudas económicas existentes para a túa situación.

- **Axuda económica periódica:** é unha axuda periódica para mulleres vítimas de violencia de xénero que vivan en Galicia, por un máximo de 12 mensualidades. A contía, que é variable en función dos ingresos da solicitante, alcanza un máximo de 600 euros, podendo aumentarse en 50 euros mensuais por cada filla ou fillo a cargo menor de idade.

Para recibila é necesario acreditar a situación de violencia, non sendo necesario interpoñer previamente a denuncia nin esperar a sentenza condenatoria. A situación de violencia pode acreditarse con Informe de servizos sociais, sanitarios, ou de centros de acollida, cunha Orde de Protección recoñecida, con informe do Ministerio Fiscal, e coa sentenza condenatoria.

- **Axuda puntual de pago único:** en función dos ingresos e as necesidades de cada muller solicitante, que debe residir en Galicia, ter especiais dificultades para atopar un emprego, e non dispoñer de ingresos superiores ao 75% do SMI (675 euros mensuais ano 2019). A contía deste pago único é variable, entre os 3.000 e os 9.000 euros.

Para obter esta axuda, é requisito ter unha orde de protección en vigor ou que recaese sentenza no procedemento.



Tes dúbidas?

**Podes falar con Ecos do Sur
con total confianza e
confidencialidade.**

Ponte en contacto connosco a
través dos seguintes medios.

e-mail: ong@ecosdosur.org

Teléfono: 881 96 56 92

Dirección: Avda. de Finisterre,
nº 109, baixo. A Coruña.

